O Consello da Xerencia de Urbanismo, á vista do informe anteriormente transcrito, informa favorablemente a desestimación do recurso de reposición interposto polo solicitante fronte á devandita Resolución de Alcaldía do Concello de Vilagarcía de Arousa do 02.09.2025. (Expte. URB/2025/000443)

PRP2025/3996

Dar conta da solicitude presentada por D. Manuel Vidal Rozados para legalización de varias obras executadas no local situado na rúa Nogueira, núm. 5 – baixo, Drta. (Ref.Cat: 9753950NH1195S0002YQ), facendo constar que, segundo informe técnico municipal de data 08.10.2025:

- O interesado deberá aportar proxecto técnico de legalización, e de ser o caso, de cambio de uso, asinado por técnico competente, co fin de regularizar a situación urbanística do inmovble.(Exp: URB/2025/000933).

PRP2025/3997

Informar favorablemente a solicitude de Dna. Araceli Silva Santos para legalización de instalación de rótulos aplacados na rúa Gumersindo Nartallo, núm. 12 - baixo (Ref. Cat.9461503NH1196S0001EJ) posto que se adapta ás condicións indicadas no PXOM. (Expte. URB/2025/000850)

PRP2025/3998

Informar favorablemente a solicitude presentada por Dna. Pilar Lorenzo Regades en representación de COMUNIDADE DE PROPIETARIOS DOCTOR TOURÓN 1, para obras de limpeza de fachadas con medios manuais en inmovible situado na Avda. Doutor Tourón, núm. 1 (Ref. Cat.: 9459017NH1195N), tal e como se indica na documentación presentada.

Dado que a actuación a realizar é un inmovible catalogado no conxunto de edificios coa ficha 117-PHA., deberá respectar os materiais e sen tratamentos agresivos.

A maquinaria, medios auxiliares e de seguridade precisos para a execución dos traballos cumprirán as Disposicións Mínimas de Seguridade e Saúde nas obras de construción R.D. 1627/1997. A responsabilidade do cumprimento das normas de montaxe e medidas de protección a adoptar para salvagardar aos usuarios e instalacións da vía pública compete unicamente ao contratista, nas obras menores, ou aos axentes intervincentes na obra, nas obras maiores.

As estadas cumprirán as Normas UNE-EN 12810-1:2005, 12810-2:2005 e 12811-1:2005, en consonancia coas Notas Técnicas de Prevención 669 e 670. As torres de traballo móbiles cumprirán a Norma UNE-EN 1004:2006, en consonancia coas Notas Técnicas de Prevención 695 e 696. En calquera dos casos terase en conta o indicado no RD 1215/1997 sobre as disposicións mínimas de seguridade e saúde para a utilización polos traballadores dos equipos de traballo (modificado polo RD 2177/2004), debendo contar cun Plan de Montaxe, utilización e desmontaxe elaborado por técnico competente, en función da complexidade da instalación temporal (estadas ou torres móbiles), segundo o Real Decreto.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

A ocupación de vía pública, se a houbese, axustarase ás condicións que lle fixen os Servizos de Tráfico en función das características do tráfico da rúa, debendo repoñer, en calquera caso, as posibles roturas sobre a vía pública.

Comunicaselle que as obras autorizadas deberán executarse nos seguintes prazos, a contar dende a notificación do presente acordo:

- Prazo para iniciación: catro meses.
- Prazo para a finalización: un ano.(Expte. URB/2025/000921)

PRP2025/4032

Informar favorablemente a solicitude presentada por D. Ángel Abalo Pazos, para acometidas ás redes municipais de auga e saneamento para **uso doméstico** no camiño Estromil-Rubiáns (Ref. Cat. 2138919NH2123N0001XA). baixo as seguintes condicións:

CONEXIÓN REDE DE DISTRIBUCIÓN DE AUGA

- O punto de toma fixarao o persoal do servizo, co que o solicitante convirá o momento da súa execución, que realizará dito persoal e baixo a súa inspección e vixilancia.
- A arqueta de acometida será de ladrillo oco dobre de 1/2 pé de espesor, revestido interiormente, de dimensións interiores 50 x 50 x 40 cms., con tapa rexistro de fundición de

40 x 40 cms., e no seu interior colocarse a chave xeral de corte. Esta arqueta colocarse na beirarrúa fronte á finca que solicite a toma.

- A conexión da devandita acometida á rede municipal de abastecemento deberá ser executada pola empresa concesionaria do servizo municipal de augas.
- Dada a distancia que media dende a rede de abastecemento de auga e o punto de toma solicitado, non se pode conceder autorización de acometida, agás que o interesado constrúa a extensión da rede necesaria. Dito ramal require a instalación de 40 ml en PVC Ø75.

CONEXIÓN REDE DE SANEAMENTO

- Xunto á fachada do edificio, e construída sempre en vía pública, dispórse de arqueta de rexistro de ladrillo macizo de 1/2 pé, revestido interiormente, de medidas interiores 60 x 60 con emboquillado de 50 x 50 e tapa de rexistro de fundición destas medidas.
- O punto de conexión fiaxarao o persoal do concello, co que o solicitante convirá o momento da súa execución baixo a súa inspección e vixilancia.
- A conexión realizarase a pozo de rexistro.
- A recollida de Augas Pluviais realizarase en rede independente.

A fianza de 500 € depositada para garantir que a zona de vía pública afectada polas acometidas queda en perfectas condicións de uso, devolverase unha vez comprobado este extremo. (Expte. URB/2025/000577)

PRP2025/4033

Informar favorablemente a solicitude presentada por Dña. Mónica Santos Bóveda, para acometida ás redes municipais de auga para **uso doméstico** na Avda. de Cambados, núm. 98 - Vilaxoán (Ref. Cat. 8252915NH1185S0001RL), baixo as seguintes condicións:

CONEXIÓN REDE DE DISTRIBUCIÓN DE AUGA

- O punto de toma fixarao o persoal do servizo, co que o solicitante convirá o momento da súa execución, que realizará dito persoal e baixo a súa inspección e vixilancia.
- A arqueta de acometida será de ladrillo oco dobre de 1/2 pé de espesor, revestido interiormente, de dimensións interiores 50 x 50 x 40 cms., con tapa rexistro de fundición de 40 x 40 cms., e no seu interior colocarse a chave xeral de corte. Esta arqueta colocarse na beirarrúa fronte á finca que solicite a toma.
- Para a instalación do contador de auga dispórse de lugar con tapa rexistrable fóra da obra, de doado acceso para a lectura e comprobación do servizo.
- A conexión da devandita acometida á rede municipal de abastecemento deberá ser executada pola empresa concesionaria do servizo municipal de augas.

Cumprírase estritamente as condicións establecidas na autorización sectorial da Consellería de Infraestrutura como titular da estrada PO-549 (Exp:URB/2025/000595).

PRP2025/4035

Informar favorablemente a solicitude presentada por Tomás García García en representación de BAMISER17, SL., para autorización de vao permanente situado na rúa San Xosé, núm. 25 (Ref. Cat.:9471805NH1197S0003QD), conforme á Ordenanza Municipal de Circulación e os informes da Policía Local e do técnico municipal baixo as seguintes condicións:

Trátase dunha entrada e saída de vehículos cun ancho de 3,00 metros de ancho e supoñería a supresión dunha praza de estacionamento. Conta con beirarrúa rebaixada, polo que non é necesaria a realización de obras.

Comunícaselle que se procederá á inclusión no padrón da taxa por utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local por entradas de vehículos e ademáis achegarse liquidación polo importe da placa. Unha vez realizado o pago, deberá pasar a recoller a devandita placa na oficina n.º 210, do segundo andar do Concello.

Por outra banda, o vao deberá complementarse cunha sinalización horizontal de prohibición de estacionar, para o que deberá acudir á Policía Local onde lle informarán a forma de realizalo.

O titular desta autorización de vao permanente será responsable da súa axeitada instalación e do correspondente mantemento e bo uso. (Exp. URB/2025/000659)

PRP2025/4038

Informar favorablemente a solicitude de D. Shaowei Liu Zhu en representación de ESPAZIO MACROTIENDA, SL. para legalización de rótulo aplacado e de banderola na Avda. Doutor Tourón, núm. 24 - Bx (Ref. Cat. 9257808NH1195N0001WG) posto que se adapta ás condicións indicadas no PXOM. (Expte. URB/2025/000757)

PRP2025/4041

Informar favorablemente a solicitude presentada por D. Carlos Berride Abalo en representación de CONSTRUCCIONES Y SERVICIOS COMSTERO 1, SL., para acometida á rede municipal de auga para executar obra na rúa Vilar, núm 40 - Bamio (Ref. Cat.: 9697813NH1199N0001DF), baixo as seguintes condicións:

- O punto de toma fixarao o persoal do servizo, co que o solicitante convirá o momento da súa execución, que realizará dito persoal e baixo a súa inspección e vixilancia.
- A arqueta de acometida será de ladrillo oco dobre de 1/2 pé de espesor, revestido interiormente, de dimensións interiores 50 X 50 x 40 cms., con tapa rexistro de fundición de 40 x40 cms., e no seu interior colocarse a chave xeral de corte. Esta arqueta colocarse na beirarrúa fronte á finca que solicite a toma.
- Para a instalación do contador de auga disporase de lugar con tapa rexistrable fóra da obra, de doado acceso para a lectura e comprobación do servizo.
- O uso da auga será exclusivamente para as necesidades da construción da obra, sen que poida destinar, baixo ningún concepto, a outros usos.
- A conexión da devandita acometida á rede municipal de abastecemento deberá ser executada pola empresa Concesionaria do Servizo Municipal de Augas.
- Dada a distancia que media dende a rede de abastecemento de auga e o punto de toma solicitado, non se pode conceder autorización de acometida, agás que o interesado constrúa a extensión da rede necesaria. Dito ramal require a instalación de 30 ml en PVC Ø63 (Expte.URB/2025/000764).

PRP2025/4042

Informar favorablemente a solicitude de Dña. Annie Daniela Cruz Malpica en representación de UFD DISTRIBUCION ELECTRICIDAD, SA, para obras de ampliación na rede eléctrica na rúa Quinteiro, núm. 5 - Cea (Nº SDG: 638225040109), consistentes na execución de nova canalización soterrada de 5m. de 0.4x1 m en tubo PEAD Ø160 mm para alimentación de CPM de cliente, baixo as

seguintes condicións:

- Antes do inicio dos traballos, realizarase previamente un replanteo dos mesmos cos servizos técnicos municipais, coa localización dos servizos municipais afectados polas obras. (Sr Diego Teléf. 670 507 938).
- As obras executaranse baixo a inspección e vixilancia do persoal técnico do Concello de Vilagarcía de Arousa. Co obxecto de poder comprobar o estado das redes de servizos municipais soterrados afectados polas obras e - unha vez executada a canalización e antes de tapar a gabia - , solicitarase a inspección dos servizos técnicos municipais para que poidan proceder a súa inspección.
- Previo o inicio das obras, o interesado deberá solicitar as distintas compañías, unha relación de servizos afectados na zona do ámbito de actuación.

Reposicións:

GABIA TRANSVERSAL

Para a reposición da gabia transversal do vial afectado, deberá procederse ao fresado da gabia e 3 m a cada extremo, realizando a posterior reposición da zona afectada con mestura bituminosa en quente AC16 50/70 surf S con espesor mínimo de 5 cm, incluso rego de adherencia, estendido e compactado, respectando a rasante do vial existente, previa preparación da base e sub-base da gabia nas mesmas condicións que as existentes.

- Para a reposición do vial estarase o disposto na ordenanza municipal de Circulación de Vilagarcía de Arousa, debendo solicitar con 7 días de antelación a execución dos traballos, que tendrán a consideración de obras “vinculadas” a licenza de obra concedida.
- O solicitante adoptará ao seu cargo e durante a execución das obras, as medidas de protección individuais e colectivas necesarias para garantir o cumprimento das normas de seguridade e saúde na fase de execución, acordo co R.D. 1627/1997.
- No caso que, polo Concello de Vilagarcía de Arousa, fose preciso realizar calquera tipo de obra no dominio público municipal e resultase afectada a obra e/ou instalación á que se refire a presente autorización, será por conta do solicitante o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resultase necesaria, nos prazos e condicións que estableza o Organismo titular do dominio público, sen que isto supoña ningún custo para o Concello.
- A fianza de 1.000,00 € depositada para garantir que a zona de vía pública afectada polas obras queda en perfectas condicións de uso, devolverase unha vez comprobado este extremo. (Expte. URB/2025/000824)

PRP2025/4043

Informar favorablemente a solicitude presentada por D. Luis Mata Mariño, para reforma de acometida de saneamento en vivenda situada na rúa Vandorra, núm. 16 - Cornazo(Ref. Cat. 9348317NH1194N0001ZZ), baixo as seguintes condicións:

- O punto de toma fixarao o persoal do servizo do Concello (Diego teléf. 670.507.938), co que o interesado convirá o momento da súa execución, que realizará baixo a súa inspección e vixilancia.
- Repoñeranse todos os servizos municipais afectados ao seu estado inicial.
- A conexión realizarase a pozo de rexistro e o ramal de acometida será con tubo de PVC de $\varnothing$ 160 mm como mínimo.

- Xunto á fachada do edificio, e construída sempre en vía pública , dispórase de arqueta de rexistro de ladrillo macizo de 1/2 pé, revestido interiormente, de medidas interiores 60 x 60 con emboquillado de 50 x 50 e tapa de rexistro de fundición destas medidas.
- A fianza de **500 €** depositada para garantir que a zona de vía pública afectada polas acometidas queda en perfectas condicións de uso, devolverase unha vez comprobado este extremo. (Expte. URB/2025/000927)

PRP2025/4044

Informar favorablemente a solicitude presentada por Dña. Carla Barreiro Bahamonde, para acometida á rede municipal de **auga para uso doméstico**, na rúa Nogueirido, núm. 15 - Bamio (Ref. Cat.: 0502410NH2200S0005IG), baixo as seguintes condicións:

- O punto de toma fixarao o persoal do servizo, co que o solicitante convirá o momento da súa execución, que realizará dito persoal e baixo a súa inspección e vixilancia.
- A arqueta de acometida será de ladrillo oco dobre de 1/2 pé de espesor, revestido interiormente, de dimensións interiores 40 x 40 cms., con tapa rexistro de fundición de 50 x 50 cms., e no seu interior colocarse a chave xeral de corte. Esta arqueta colocarse na beirarrúa fronte á finca que solicite a toma.
- Para a instalación do contador de auga dispórase de lugar con tapa rexistrable fóra do inmobile, de doado acceso para a lectura e comprobación do servizo.
- A conexión da devandita acometida á rede municipal de abastecemento deberá ser executada pola empresa Concesionaria do Servizo Municipal de Augas. (Expte.URB/2025/000945)

LICENZAS DE SEGREGACIÓN

PRP2025/3973

Informar favorablemente a solicitude presentada por D. Andrés Rey Mancebo en representación de D. Pedro Casal García, para segregación de parcela sita no Lg. Trabanca Badiña, s/n A Torre (Ref. Cat.: 0567137NH2106N0001WI), de conformidade co proxecto de segregación redactado polo arquitecto D. Andrés Rey Mancebo, asinado electronicamente o 14.08.2024.

Segundo o proxecto presentado a distribución das parcelas quedaría como a seguir se indica:

- | | |
|-------------------------|-------------------------|
| • Parcela Inicial: | 1.377,75 m ² |
| • Parcelas Resultantes: | |
| • Finca 1.- | 206,00 m ² |
| • Finca 2.- | 1.035,55 m ² |
| • Cesión NP1.- | 19,00 m ² |
| • Cesión NP2.- | 117,20 m ² |

Os interesados deberán proceder á inscrición no Rexistro da Propiedade das parcelas obxecto de cesión, libre de cargas e gravames, a favor do Concello de Vilagarcía de Arousa (Exp.:URB/2024/000692)

PRP2025/3974

Informar favorablemente a solicitude presentada por D. Alberto Cousido Bravo, para segregación de parcela en solo de núcleo rural na rúa Arealonga - A Laxe (Ref. Cat.:0056115NH2105), de conformidade co proxecto de segregación de fincas redactado polo enxeñeiro técnico agrícola D. José Constenla Pego, asinado electronicamente o 27.01.2025.

Segundo o proxecto presentado a distribución das parcelas quedaría como a seguir se indica:

- Parcela Inicial: 913,00m²
- Parcelas Resultantes:
 - Finca 1.- 439,00 m²
 - Finca 2.- 474,00 m²

(Exp.:URB/2025/000128)

PRP2025/4049

Informar favorablemente a solicitude presentada por Proyectopía, SL. en representación de BAMICAR, SL., para segregación de parcela sita na rúa Salgueiral - Vilar, Bamio (Ref. Cat.: 9191922NH1199S0001SX - 9191915NH1199S0001XX), de conformidade co proxecto de segregación redactado polo arquitecto D. Víctor Hermo Sánchez, asinado electronicamente o 20.06.2025.

Segundo o proxecto presentado a distribución das parcelas quedaría como a seguir se indica:

Parcelas Iniciais:

- Parcela matriz 1.- 400,00 m²
- Parcela matriz 2.- 400,00 m²
- Parcela matriz 3.- 510,00 m²
- Parcela matriz 4.- 905,10 m²
- Parcela Agrupada.- 2.215,10 m²

Parcelas resultantes da segregación:

- Parcela segregada 1.- 401,30 m²
- Parcela segregada 2.- 400,10 m²
- Parcela segregada 3.- 400,50 m²
- Parcela segregada 4.- 543,22 m²
- Parcela segregada 5.- 311,30 m²
- Parcela cesión 1.- 61,83 m²
- Parcela cesión 2.- 96,85 m²

Os interesados deberán proceder á inscrición no Rexistro da Propiedade das parcelas obxecto de cesión, libre de cargas e gravames, a favor do Concello de Vilagarcía de Arousa (Exp.:URB/2025/000607)

LICENZAS DE OBRAS MAIORES

PRP2025/3976

Informar favorablemente a solicitude presentada por Dna. Sara García-Valon Ortega, vistos os informes técnico e xurídico, para movemento de terras e construción de vivenda unifamiliar en Travesía Antuín 6, Trabanca Badiña, de conformidade co proxecto básico e de execución de vivenda unifamiliar, redactado pola Arquitecta Dna. Eva María Álvarez Fernández, con visado colexial de data 15.07.2025, e documento de cesión dos terreos afectados pola traza viaria para a súa incorporación á vía pública asinado con data 6.10.2025. En aplicación do Artº 357.4 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, faise constar:

1. Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación: Solo de Núcleo Rural - Grao 2 (NP2)
2. Finalidade da actuación e uso a que se destinará: residencial
3. Altura, volumes e ocupación de parcela permitidos: 6,50 m.; 40% (p. baixa 80%)
4. Orzamento de execución material: 153.895,86 €
5. Referencia catastral ou coordenadas UTM, así como o número de predio rexistral, de encontrarse inscrito: 1165904NH2116N0001FS
6. Técnicos directores das obras: Arquitecta Dna. Eva María Álvarez Fernández

Director das obras Dna. Eva María Álvarez Fernández

Director de execución e Coordinador de seguridade e saúde: D. Daniel Tudo Anta

- De conformidade co disposto no Art. 145 da LSG o prazo de inicio das obras non poderá exceder de seis meses e o de finalización de 3 anos, dende a data do seu outorgamento (Dito prazo computarase dende o día seguinte ao da notificación ao solicitante do outorgamento da licenza) Non poderá interromperse as obras por tempo superior a seis meses.
- A concesión de prórrogas dos prazos de inicio e remate das obras condicionarase a que se respete a normativa urbanística vixente no tempo da concesión da prórroga e, no caso de obras xa iniciadas, a que a edificación sexa rematada exteriormente (Art. 145.2 LSG e 359 do RLSG)
- Será requisito indispensable dispor, xunto á obra, copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores, a colocación do cartel indicador no que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.
- A licenza entenderase outorgada salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, segundo o Art.350.3 do RLSG.
- De ser o caso as obras axustaranse as condicións e contido das autorizacións e informes esixidos pola lexislación sectorial.
- No curso da execución das obras adoptaranse as medidas necesarias ao amparo do disposto no Real Decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción e demais normativa ao respecto.
- Rematadas as obras, e con carácter previo a súa ocupación, deberá formularse comunicación previa de primeira ocupación (Art. 142.3 LSG) aportando a documentación esixida no Art. 355. 3 do RLSG(Certificado acreditativo da efectiva e completa finalización das obras, previa á visita de comprobación dos servizos técnicos municipais, subscrito por

técnico competente e visado polo colexio profesional cando así o esixa a normativa vixente, así como unha declaración do técnico sobre a conformidade das obras executadas co proxecto autorizado pola licenza de obras correspondente. Achegárase igualmente á solicitude documentación xustificativa da posta en funcionamento das instalacións executadas no inmovible de conformidade coa súa normativa reguladora e, no seu caso, certificación emitida polas empresas subministradoras dos servizos públicos, da adecuada execución das acometidas das redes de subministración). Así como certificación acreditativa da inscrición no Rexistro da Propiedade de Vilagarcía de Arousa da superficie cedida ao Concello libre de cargas e gravames.

Así mesmo, infórmase favorablemente as obras ordinarias de urbanización e obras de acometidas aos servizos municipais de auga e saneamento, condicionado ao cumprimento as condicións establecidas no informe do enxeñeiro técnico municipal de data 11.09.2025, que a seguir se indican: OBRAS DE ACOMETIDA REDE DE DISTRIBUCIÓN DE AUGA

- O punto de toma fixarao o persoal do servizo da Concesionaria de augas, Espina e Delfin, co que o solicitante convirá o momento da súa execución, que realizará dito persoal e baixo a súa inspección e vixilancia.
- A arqueta de acometida será de ladrillo oco dobre de 1/2 pé de espesor, revestido interiormente, de dimensións interiores 40 x 40 cms., con tapa rexistro de fundición de 40 x 40 cms., e no seu interior colocárase a chave xeral de corte. Esta arqueta colocárase na beirarrúa fronte á finca que solicite a toma.

OBRAS DE ACOMETIDA REDE DE SANEAMENTO

- O punto de toma fixarao o persoal do servizo municipal de obras do concello, co que o solicitante convirá o momento da súa execución, que realizará dito persoal e baixo a súa inspección e vixilancia.
- A conexión á rede de saneamento xeral, neste caso será por bombeo (impulsión).

Non se poderá realizar a conexión efectiva ás redes de auga e saneamento ata que non se obteña o título habilitante para a primeira ocupación da vivenda. (Expte. URB/2025/000695)

PRP2025/3977

Informar favorablemente a solicitude presentada por D. José Ramón García Miguéns, vistos os informes técnico e xurídico, para rehabilitación de vivenda unifamiliar en rúa Sordido nº 15, de conformidade co proxecto básico de rehabilitación de vivenda unifamiliar, redactado polo Arquitecto D. Manuel Tanoira Carballo, asinado electronicamente o 29.02.2024, e documento de cesión dos terreos afectados pola traza viaria para a súa incorporación á vía pública asinado con data 19.09.2025. Consta autorización para obras de rehabilitación de vivenda unifamiliar da Directora de Augas de Galicia de data 18.01.2024, no expediente autonómico DH.W36.96726, coas condicións que figuran na mesma.

En aplicación do Artº 357.4 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, faise constar:

1. Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación: Solo de Núcleo Rural - Grao1 (NP1)
2. Finalidade da actuación e uso a que se destinará: residencial
3. Altura, volumes e ocupación de parcela permitidos: 6,50 m.; 70%
4. Orzamento de execución material: 155.659,91 €
5. Referencia catastral ou coordenadas UTM, así como o número de predio rexistral, de

encontrarse inscrito: 0904605NH2200S0001KA

6. Técnicos directores das obras: Arquitecto D. Manuel Tanoira Carballo

Director das obras D. Manuel Tanoira Carballo

- De conformidade co disposto no Art. 145 da LSG o prazo de inicio das obras non poderá exceder de seis meses e o de finalización de 3 anos, dende a data do seu outorgamento (Dito prazo computarase dende o día seguinte ao da notificación ao solicitante do outorgamento da licenza) Non poderá interromperse as obras por tempo superior a seis meses.
- A concesión de prórrogas dos prazos de inicio e remate das obras condicionarase a que se respete a normativa urbanística vixente no tempo da concesión da prórroga e, no caso de obras xa iniciadas, a que a edificación sexa rematada exteriormente (Art. 145.2 LSG e 359 do RLSG)
- Será requisito indispensable dispor, xunto á obra, copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores, a colocación do cartel indicador no que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.
- A licenza entenderase outorgada salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, segundo o Art.350.3 do RLSG.
- De ser o caso as obras axustaranse as condicións e contido das autorizacións e informes esixidos pola lexislación sectorial.
- No curso da execución das obras adoptaranse as medidas necesarias ao amparo do disposto no Real Decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción e demais normativa ao respecto.
- **Non se poderá iniciar a execución das obras mentres non se achega e se autorice polo Concello o preceptivo proxecto de execución visado polo COAG, que deberá acompañarse da seguinte documentación (Estudo de seguridade e saúde e oficios de dirección da execución material e de coordinador de seguridade e saúde).**
- Rematadas as obras, e con carácter previo a súa ocupación, deberá formularse comunicación previa de primeira ocupación (Art. 142.3 LSG) aportando a documentación esixida no Art. 355. 3 do RLSG(Certificado acreditativo da efectiva e completa finalización das obras, previa á visita de comprobación dos servizos técnicos municipais, subscrito por técnico competente e visado polo colexio profesional cando así o esixa a normativa vixente, así como unha declaración do técnico sobre a conformidade das obras executadas co proxecto autorizado pola licenza de obras correspondente. Achegarase igualmente á solicitude documentación xustificativa da posta en funcionamento das instalacións executadas no inmovible de conformidade coa súa normativa reguladora e, no seu caso, certificación emitida polas empresas subministradoras dos servizos públicos, da adecuada execución das acometidas das redes de subministración). Así como certificación acreditativa da inscrición no Rexistro da Propiedade de Vilagarcía de Arousa da superficie cedida ao Concello libre de cargas e gravames.

Así mesmo, infórmase favorablemente as obras ordinarias de urbanización e obras de acometidas aos servizos municipais de auga e saneamento, de conformidade co anexo de obras ordinarias de urbanización redactado polo arquitecto D. Manuel Tanoria Carballo, presentado con data 01.08.2024, cumprindo as condicións establecidas no informe do enxeñeiro técnico municipal de data 01.07.2024, que a seguir se indican:

ACOMETIDAS DOMICILIARIAS DE ABASTECIMIENTO DE AUGA E SANEAMENTO

- Deberá incluír as obras necesarias para realizar as acometidas domiciliarias de abastecemento de auga e saneamento de augas residuais da edificación, conectándoas nas redes públicas municipais existentes.

PAVIMENTACIÓN DA ZONA DE CESIÓN

- Pavimentación da zona de cesión, ata enlazar co vial completando a totalidade da cesión, respectando as rasantes de pendientes existentes no vial público ao que dá fronte a parcela.
- A pavimentación realizarase con paquete de firme composto por 20 cm de zahorra artificial estendida e compactada e un mínimo de 5 cm de aglomerado en quente tipo AC16 SURF 50/70 D, estendido e compactado.
- Neste apartado inclúese a posta en cota con respecto á rasante do vial de todas as tapas de arquetas e pozos de rexistro, así como todas as obras complementarias á pavimentación que garantan a correcta execución e funcionalidade da mesma.

RECUAMENTOS: Non poderá quedar nas zonas de dominio publico vinculadas ás cesións de referencia, ningún tipo de obxecto ou obstaculo que impida ou dificulte a libre circulación de vehículos ou peóns.

RAMPAS: No caso de ter que realizar rampas de acceso á parcela, estas deberán de executarse fóra da zona de dominio publico.

Non se poderá realizar a conexión efectiva ás redes de auga e saneamento ata que non se obteña o título habilitante para a primeira ocupación da vivenda. (Expte. URB/2024/000172)

PRP2025/3980

Dar conformidade ao proxecto de execución presentado por Dña. Beatriz Muíños González e D. Roberto Loureiro Torres, para construción de vivenda unifamiliar acaroada na rúa Manuel Fernández Teixeira, parcela 20, Renza (Ref. Cat. 8240320NH1184S0001XW), redactado polo arquitecto D. Jesús María Diéguez Pazos, con visado colexial de data 10.10.2024, xunto cos documentos correspondentes ao proxecto de execución presentados con data 04.09.2025 (visados o 10.10.2024) e planos "A7" e "A8" visados con data 03.09.2025. (Expte. URB/2021/000618)

PRP2025/3982

Dar conformidade ao proxecto de execución presentado por D. Juan Diego López Vilachán en representación de Dña. Ana María Soto Somoza, para construción de vivenda unifamiliar na rúa Travesa nº 11, Fontecarmoa (Ref. Cat.: 8748920NH1184N), redactado pola arquitecta Dña. Sonia García González con visado colexial de data 22.05.2025, xunto co certificado técnico de concordancia proxecto de execución e proxecto básico asinado pola mesma arquitecta con data 14.08.2025. (Expte. URB/2023/001152)

PRP2025/3984

Dar conformidade ao proxecto de execución presentado por Dña. Carolina Couselo Fariña en representación de PROMOCIONES BARREIRO PEREZ S.L., para construción de edificio para 21 vivendas libres, 6 VPA, locais, garaxe e trasteiros na rúa Bosque Desamparados s/n (Ref. Cat.:

9254123NH1195N0001JG), redactado pola arquitecta Dna. Carolina Couselo Fariña, con visado colexial de data 05.08.2025, xunto co estudo de seguridade e saúde redactado pola arquitecta técnica Dna. Fuensanta Barcala Martínez, visado o 04.08.2025 e proxecto de ventilación de garaxes redactado pola arquitecta Dna. Carolina Couselo Fariña, visado o 05.08.2025. (Expte. URB/2019/000929)

COMUNICACIÓNS APERTURAS ESTABLECEMENTOS

PRP2025/3999

Informar favorablemente a comunicación de cambio de titularidade para o exercicio da actividade outorgada a favor de Beatriz Cheda Borrazas, para apertura de café bar (Epígrafe 6732), nun local situado na rúa Baldosa, núm. 18, Bx, 1 (Ref. Cat.: 9261412NH1196S0001MJ), quedando subrogado D. David Vila Martos na posición do anterior titular cos efectos previstos no Art. 20.3 do Decreto 144/2016:

"3. A responsabilidade do cumprimento dos requisitos administrativos a que estivese sometida a actividade ou o establecemento trasladarase á nova persoa titular a partir do momento en que o cambio de titularidade se fixese efectivo, con independencia da data en que se leve a cabo a comunicación do cambio de titularidade prevista neste artigo....."

Así mesmo, informar favorablemente a declaración responsable de asimilación á actividade de III.2.5.3 Bares do vixente catálogo, recollido no Anexo do Decreto 124/2019, de 5 de decembro, asinada o 23.09.2025.

Darase traslado do presente acordo ao Departamento de Rendas, aos efectos oportunos (Expt. ACTI/2025/000080)

PRP2025/4000

Informar favorablemente a comunicación de cambio de titularidade para o exercicio da actividade outorgada a favor de Dna. Eca Costa Alves, para apertura de café bar (Epígrafe 6732), nun local situado na rúa Oito de Marzo, núm. 13 – Tabanca Badiña (Ref. Cat.:0965502NH2106N0001KI), quedando subrogada Dna. Rocio Nahir Beloso na posición do anterior titular cos efectos previstos no Art. 20.3 do Decreto 144/2016:

"3. A responsabilidade do cumprimento dos requisitos administrativos a que estivese sometida a actividade ou o establecemento trasladarase á nova persoa titular a partir do momento en que o cambio de titularidade se fixese efectivo, con independencia da data en que se leve a cabo a comunicación do cambio de titularidade prevista neste artigo....."

Así mesmo, informar favorablemente a declaración responsable de asimilación á actividade de III.2.5.3 Bares do vixente catálogo, recollido no Anexo do Decreto 124/2019, de 5 de decembro, asinada o 21.07.2025.

Darase traslado do presente acordo ao Departamento de Rendas, aos efectos oportunos (Expt. ACTI/2025/000067)

PRP2025/4001

Informar favorablemente o arquivo da comunicación previa de cambio de titularidade para o exercicio de actividade de café bar, presentada por D. Jaime Manuel López Santos nun local situado no Lg. Vilar, núm. 41-A, por apertura de novo expediente.(Expt. ACTI/2024/000111).

PRP2025/4002

Informar favorablemente a comunicación previa de apertura de establecemento formulada por Dña. María Calvo Casanova., para inicio da actividade de axencia de viaxe (Epígrafe 755.1) en local situado na rúa Alejandro Cerecedo nº 8, baixo 34, con referencia catastral 9358001NH1195N0139TQ, de conformidade coa documentación presentada e informe técnico de visita de comprobación emitido ao respecto en data 07.03.2025. (Expt. ACTI/2020/000035)

PRP2025/4057

Informar favorablemente a comunicación previa de apertura de establecemento formulada por D. Adrián Padín Osorio, para inicio da actividade de perruquería (Epígrafe 972.1) en local situado na Avda. Doutor Tourón, 41, baixo esquerda, con referencia catastral 9154101NH1195S0003ZW, de conformidade coa documentación presentada e informe técnico de visita de comprobación emitido ao respecto en data 10.10.2025. (Expt. ACTINOC/2018/000084)

ASUNTOS VARIOS

PRP2025/4056

Dáse conta da resolución da Alcaldía-Presidencia ditada o 07.10.2025 pola que se outorga a D. José Antonio Alonso Pérez en representación de IMPEX EUROPA S.L. licenza de obra para demolición de nave industrial situada na Avd. de Pontevedra nº 39, de conformidade co proxecto de demolición de nave industrial redactado polo arquitecto D. Alberto García Fernández, con visado colexial de data 04.09.2025. (Expt. URB/2025/000867).

O Consello da Xerencia de Urbanismo queda sabedor.

PRP2025/4058

Dáse conta da Resolución de Augas de Galicia de data 07.10.2025 autorizando os usos privativos por disposición legal, recoñecemento do dereito e inscrición no Rexistro de Augas dun pozo no lugar de Veiga (Carril) ao titular D. José Manuel Varela Rodríguez. Clave: DH.B36.111062

O Consello da Xerencia de Urbanismo queda sabedor.

E sen máis asuntos que tratar, ás 10:25 levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.